



## Concello de Castroverde

### **BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE ESCAPARATES CON MOTIVO DO NADAL 2023**

#### **1-OBXECTIVO**

De conformidade coas presentes bases, o Concello de Castroverde convoca o concurso de Escaparates de Nadal 2023, sendo o obxectivo primordial potenciar a imaxe dos establecementos comerciais a través dos seus escaparates durante as festas de Nadal; contribuíndo á mellora da ambientación de Nadal ás nosas rúas comerciais.

#### **2- PARTICIPANTES**

Poderán participar neste concurso todos os establecementos comerciais do municipio de Castroverde que teñan escaparate exposto á rúa. Cada establecemento só poderá participar no concurso con un único escaparate.

#### **3- TEMÁTICA**

A decoración dos escaparates mostrarán unha composición ou ambiente propio do Nadal, sendo de total liberdade a técnica e o estilo utilizado. Cada establecemento denominará con un título a decoración do seu escaparate.

#### **4- XURADO**

O xurado estará formado por varias persoas do Concello de Castroverde que poderán visitar os escaparates participantes (sen previo aviso) para valoralos in situ segundo os criterios que se establecen no punto 5 destas bases.

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios por falta de participantes ou por considerar que ningún dos traballos presentados reúne os méritos ou calidade suficientes para ser premiados.

#### **5- CRITERIOS DE PUNTUACIÓN**

Os membros do xurado valorarán a decoración de cada escaparate segundo os seguintes criterios:

- O deseño do escaparate obedece á temática de Nadal
- Os elementos están ordenados de forma que facilitan a súa visión seguindo un estilo e estrutura.
- A localización dos elementos da sentido ó resto e ó escaparate no seu conxunto.
- O escaparate dispón dunha boa iluminación
- Proporciona unha mensaxe ou idea
- Orixinalidade
- Grado estimado de traballo na realización do escaparate

**Concello de Castroverde**

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





## Concello de Casto Verde

---

### 6- INSCRICIÓNS

Os interesados en participar neste concurso deberán realizar a súa inscrición segundo o formulario do **ANEXO I** das presentes bases, xunto con este anexo presentárase tamén **unha ou varias fotografías en formato dixital** da decoración do seu escaparate (na que se poida apreciar os elementos decorativos) e presentárase nas oficinas do concello como **data límite o 15 de decembro** do presente ano, así mesmo **no momento de presentar a súa solicitude de inscrición daráselle un cartel anunciador que o acredita como participante neste concurso e que deberá colocalo nun lugar visible do escaparate. Tanto este cartel como a decoración do escaparate deberá manterse dende o día 15 de decembro ata o 7 de xaneiro.**

### 7- PREMIOS

Os comercios participantes optarán ós seguintes premios:

- **Primeiro premio: 300 € + diploma acreditativo**
- **Segundo premio: 200 € + diploma acreditativo**
- **Terceiro premio: 100 € + diploma acreditativo**

Os premios non son acumulables.

**O premio terá que ser invertido en un ou varios dos comercios participantes no concurso de escaparates deste ano** (sempre que non sexa o propio) e cando participen polo menos 3 establecementos (de non ser así poderá gastalo en calquera dos establecementos comerciais do concello) e será xustificado entregando 1 ticket/ factura (ou varios) de compra que sumen o importe do premio obtido (aceptáranse soamente os tickets/facturas que teñan como data entre o 22 de decembro e o 31 de xaneiro) . O prazo para xustificar este gasto remata o 31 de xaneiro (se non se xustifica nese prazo o premio quedará anulado). Unha vez se xustifique o concello aboará á persoa gañadora o importe correspondente do premio obtido.

### 8- PUBLICACIÓN

O nome do/s establecemento/s gañador/es **publicárase o día 22 de decembro** na web do concello: [www.concellodecastoverde.gal](http://www.concellodecastoverde.gal) , así como tamén no facebook , xunto coa imaxe e o título do seu escaparate. Así mesmo tamén se fará público a través das páxinas anteriormente mencionadas unha imaxe da entrega dos diplomas aos titulares dos establecementos gañadores.

### 9- OUTRAS DETERMINACIÓNS

A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases, así como a decisión que determine o xurado e a cesión ó Concello de Casto Verde dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre as imaxes presentadas previstos na lexislación sobre a Propiedade ou a súa edición dixital, así

---

**Concello de Casto Verde**

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





## Concello de Casto Verde

---

como calquera outro medio, todo elo sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación da Propiedade Intelectual.

A organización poderá introducir, si o cree necesario, as modificacións que estime oportunas para o bo funcionamento do concurso.

### 10- PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Casto Verde con dirección en Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Casto Verde. (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do Concurso de decoración de Escaparates (Nadal 2022) organizados polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos,, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>

Asdo.: María Pilar Ferreiro Villar  
Concelleira Delegada de Cultura, Deporte  
Educación e Xuventude

(Documento asinado e datado dixitalmente á marxe)





## Concello de Castrolverde

---

### ANEXO I

#### **SOLICITUDE INSCRICIÓN CONCURSO DE DECORACIÓN ESCAPARATES (NADAL 2023)**

Don/a.....con DNI.....  
domicilio.....  
e telefono/s.....  
titular do establecemento.....  
pertencente ó concello de Castrolverde,

- Solicito participar no concurso de Decoración de Escaparates con motivo do NADAL 2023 co título\*.....  
.....
- Así mesmo achego fotografías en formato dixital do escaparate que participa neste concurso.

(\*deberá poñerse unha denominación/ título á decoración do escaparate).

Castrolverde.....de.....de 2023

Asdo:.....

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE**

---

**Concello de Castrolverde**

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011

